

Álvarez Rodríguez, Rosana  
Canosa Saa, José  
Fariza Nóvoa, María  
Fernández Nóvoa Alejandro  
Hermida Ramón, José Manuel

Martínez Piñeiro, Manuel  
Pérez Cid, Benita  
Pérez Juste, Ignacio  
Ramos Docampo, Miguel Alexandre

## ACTA DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE QUÍMICA DO DÍA 25/1/2017

Ás 10:00 horas do día 25 de xaneiro de 2017 reúnese, na Sala de Xuntas do Decanato, a Comisión de Garantía de Calidade (en adiante CGC) da Facultade de Química, previamente convocada, e coa asistencia dos membros reseñados, para tratar a seguinte

### ORDE DO DÍA

- 1 Revisión e actualización, se procede, da “*Política e Obxectivos de Calidade*” da Facultade de Química.
- 2 Análise e validación, se procede, do “*Informe de Revisión do Sistema pola Dirección*” (DE-03 P1) correspondente ao curso 2015-16.
- 3 Análise e validación, se procede, do “*Autoinforme de Renovación da Acreditación*” do “Grao en Química”, e do correspondente Plano de Melloras.

1. Procedeuse a revisar o documento titulado “*Política e Obxectivos de Calidade*” da Facultade de Química, suliñando as novidades que se introduciron respecto á versión anteriores. O Decano fixo una reflexión sobre o estado actual dos indicadores que se recollen neste documento, coma o número de alumnos novos no grao, porcentaxes de ocupación, preferencia, adecuación, nota media de acceso, graos de satisfacción dos distintos colectivos (Estudantes, PAS, PDI), taxas de rendemento, abandono, graduación, éxito, etc. Pode comprobarse que a evolución temporal destes indicadores é satisfactorio en xeral, estando case na súa totalidade no rango das metas establecidas a priori, ben no marco da Universidade ou especificamente para o Grao de Química. Discutiuse qué provoca que nalgúns casos isto non se verifique e qué propostas de mellora poderían realizarse ó respecto.

2. O Decano fixo unha exposición dos contidos deste documento, previamente enviado ós membros da comisión para o seu estudo. Parte dos contidos son coincidentes co descrito no punto anterior, así que a explicación e debate continuou na mesma liña. Validouse este documento por asentimento.

3. Revisouse a versión definitiva do “*Autoinforme de Renovación da Acreditación*” do “Grao en Química”. Este documento é fundamental para abordar o proceso de Renovación da Acreditación do Grao en Química, actualmente en marcha, e que

finalizará coa visita da Comisión Avaliadora o vindeiro mes de marzo. É imprescindible por tanto que a redacción deste documento reflexe de forma precisa todos os aspectos requeridos, achegando da mesma forma todas as evidencias documentais para respaldalos. O Decano fixo una descripción detallada de cada un dos epígrafes do informe, que foi revisado durante o proceso de elaboración, ademáis de polos redactores responsables de Calidade na Facultade, por varios docentes con experiencia en Xestión e Avaliación de Calidade, que fixeron una labor de revisión crítica formulando distintas suxerencias e melloras. Tras debate sobre o contido e redacción do documento procedeuse á súa validación por asentimento.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11:45 h do día sinalado, e como Secretario dou fe, co visto e praxe do Decano.

O Secretario

Manuel Martínez Piñeiro



O Decano

Ignacio Pérez Juste

